

CRTVG Viva

Premio da Cultura Galega para a serie da TVG 'O sabor das margaridas', a primeira en galego incluída no catálogo de Netflix

27/11/2019

Escoitar

Estes galardóns, concedidos pola Xunta, recoñecen a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección da construcción cultural de Galicia nos diferentes ámbitos




Santiago, 27.11.2019.- A serie da TVG 'O sabor das margaridas', a primeira ficción integralmente en galego incluída no catálogo de Netflix, acaba de recibir o Premio da Cultura Galega no apartado audiovisual. Estes galardóns, concedidos pola Xunta de Galicia, recoñecen a excelencia creativa, a capacidade de intercambio, a experimentación e a proxección da construcción cultural de Galicia nos diferentes ámbitos.

A trama desta serie de CTV para a TVG desenvólvese nunha pequena vila do interior de Galicia onde nunca pasa nada e que se ve sacudida pola desaparición dunha rapaza que traballa nunha gasolinera. A chegada dunha tenente da sección xudicial da Garda Civil vulnera a calma cando se presenta no cuartel do Corpo e lles pide axuda aos seus compañeiros.

A evolución dos personaxes é un dos avisos más significativos de 'O sabor das margaridas'. A estética e beleza das páraxes naturais galegas, as subtramas que debuxan paulatinamente o escenario final, os xiros de guión inesperados, a sinxeleza dos diálogos e o nivel de intriga que conserva ata o final manteñen o espectador pegado á pantalla.

Escrita por Ghaleb Jaber Martínez e dirixida por Miguel Conde, ten como protagonistas a María Mera, Tony Salgado, Miguel Insua e Ricardo de Barreiro e conta coa colaboración especial de Nerea Barros. Despois do seu éxito internacional, 'O sabor das margaridas' prepara xa a súa segunda temporaña.

O filólogo e historiador da lingua galega Xesús Alonso Montero, a artista plástica Soledad Penalta, a compañía de teatro de obxectos Monicreques de Kukas, o cantautor Amancio Prada, a profesora de Lingua e Literatura Galega Pilar Ponte, a restauración do Pórtico da Gloria e o proxecto 'Galego en Londres' tamén foron galardoados na edición de 2019 dos Premios da Cultura Galega, cuxo ditame se coñeceu este mércore.



Publicidade

Os xoves ás 00:15

Os Cantos Rolados

Formulario de busca

Dende	<input type="text"/>	Ata	<input type="text"/>
Categoría	Escolle a categoría ▾		
Texto	<input type="text"/>		
BUSCAR			

etiquetas de crtvg viva

Ana Kiro Cultural Nela Vilas Eleccións 2011 Concurs os

Letras Galegas 2011 Lois Pereiro Moda Eleccións locais

2015 Deportes Programas

TVG Audiencias

Infantil tvG2 Manuel

Fraga Iribarne Manuel Fraga Iribarne Elviro Celso Emilio

Pereiro Diario Cultural Eleccións 25M

Audiencia TVG Deportivo a

Primeira CIRCOM Eleccións Galloola_2012 Eleccións

21-O Labovisión de Galicia Semana da Infancia - Unicef

Ros alía de Castro Roberto Vidal Boalño Muíños amaltadas

Día do libro Letras Galegas 2014 Televisión de Galicia

Eleccións europeas 2014 Corporativa Accidente de Angróns

Serramoura Womex 2014 Dividendo Digital Mateo 15

PORTA Fogoso Apóstolo #aGooCine #VSemanasCoalInfancia

Cultural Uxencia Otoño Radio Galega Lobos Suols Axuda en